



O escritor Antonio M. Fraga percorrerá a Coruña da súas literatura nun novo roteiro da AELG

[CULTURA](#) 24 de outubro de 2025

Redacción

<https://xornaldacoruna.gal/2025/10/24/o-escriptor-antonio-m-fraga-percorrera-a-coruna-da-suas-literatura-nun-novo-roteiro-da-aelg/>

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega lanza unha nova saída pola cidade da Coruña. O [Roteiro Illas. Faros. Nortes. A Coruña de Askja](#), guiado por [Antonio M. Fraga](#), vai ter lugar o **sábado 25 de outubro**, a partir das 12:00 horas, tendo como punto de partida a [Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso](#). Non é necesaria inscrición previa.

Esta iniciativa da AELG pretende dar a coñecer as cidades e vilas do país da man das nosas escritoras e escritores, que exercen de guías tomando como base obras propias ou alleas vinculadas a eses espazos. Deste xeito, posibilitase que a cidadanía goce persoalmente dos espazos físicos na súa relación coa memoria literaria.

Nun exercicio de nostalxia autorreferencial, [Antonio M. Fraga](#) fará unha guía por algúns dos espazos polos que transitan as personaxes da súa novela [Askja](#). Lembrarán A Coruña de comezos do milenio a través varios locais (algúns dos cales xa non existen) e cruzarán o espello para coñecer os seus reflexos mitolóxicos en Islandia.

A actividade conta co apoio do Concello da Coruña.